

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 591 - Profesores técnicos de formación profesional
Especialidade: 222 - Procesos de xestión administrativa
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE ACTUACIÓN DA PRIMEIRA PARTE DA PRIMEIRA PROBA (PARTE A)

DATA PUBLICACIÓN: [14/06/2021]

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA PRIMEIRA PARTE DA PRIMEIRA PROBA (PARTE A)

1. Estrutura os exercicios e supostos de xeito que facilita a comprensión.
2. Secuencia de xeito preciso a resolución de exercicios e supostos e domina as habilidades técnicas da especialidade.
3. Indica de xeito claro a orixe do resultado.
4. Presenta o resultado final correcto dos exercicios e supostos.
5. Utiliza terminoloxía técnica adecuada.
6. Fai achegas persoais na resolución de exercicios e supostos.
7. Presenta claridade ortográfica, gramatical e discursiva.
8. Valoraranse negativamente o seguinte:
 - ¿ Divagacións.
 - ¿ Desaxustes e incoherencias entre as partes que compoñan as formulacións, análises, realizacións ou resolucións propostas no seu caso.
 - ¿ Uso incorrecto da terminoloxía da familia profesional.
 - ¿ Presentación desordenada.

CRITERIOS DE ACTUACIÓN PARA A PRIMEIRA PARTE DA PRIMEIRA PROBA (PARTE A)

Desenvolverase no IES Plurilingüe Adormideras (Rúa Juan Sebastián Elcano nº 28, 15002 A Coruña) o día 20 de xuño de 2021 ás 10:00 horas.

1. O tribunal poderá actuar con cinco (5), catro (4) ou tres (3) membros.
2. A proba práctica terá dúas (2) opcións das que as persoas aspirantes terán que escoller unha. As quendas E, D e L non están exentas de facer esta parte da primeira proba.
3. As persoas aspirantes non poderán saír da aula ata transcorridos os primeiros vinte (20) minutos do comezo da proba.
4. A duración da proba será de tres horas (3) horas.

5. As persoas aspirantes anotarán no apartado deseñado ao efecto na primeira folla da parte práctica a opción elixida das dúas propostas
6. Para a entrega do exame deberá avisar a un membro do tribunal e agardar no seu posto ata que se lle recolla o exame.
7. A proba será introducida nun sobre que será pechado e asinado no seu peche. As persoas candidatas identificarán o sobre co seu nome e apelidos e DNI e a opción elixida.
8. Media hora antes de rematar a proba avisarase desta circunstancia. Unha vez rematado o tempo da proba, as persoas aspirantes deixarán de escribir e procederán á entrega segundo o estipulado no epígrafe 6 e 7 anterior.
9. A parte práctica será lida conxuntamente coa parte do tema e avaliada de xeito separado segundo os criterios de avaliación publicados. Deberase obter polo menos 2,5 puntos para ponderar coa outra parte da proba. A parte práctica pondera un 60% da cualificación da primeira parte da proba.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE ACTUACIÓN DA SEGUNDA PARTE DA PRIMEIRA PROBA (PARTE B)

DATA PUBLICACIÓN: [14/06/2021]

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Estrutura o tema, trata todos os epígrafes e axústase ós contidos do mesmo.
2. Desenvolve o tema ó máximo nivel de coñecementos específicos, técnicos e científicos.
3. Argumenta e relaciona as ideas e contidos empregando o vocabulario técnico adecuado e cita as fontes, os recursos bibliográficos e a lexislación actualizada que corresponda.
4. Presenta claridade ortográfica, gramatical e discursiva.

No caso das quendas E, esta parte consistirá na exposición oral dun tema do temario, elixido de entre cinco (5) extraídos ao chou polo tribunal. Neste caso o epígrafe 4 anterior, substitúese polo seguinte:

1. Claridade expositiva (linguaxe xestual incluída). Fluidez.
2. Estrutura da defensa e control do tempo.
3. Concreción, dominio e credibilidade transmitida; mantén contacto ocular.
4. Utiliza o documento escrito unicamente como soporte (como axuda e non de base).

Valorase negativamente:

Divagacións.

Erros no contido.

Desaxustes e incoherencias entre as partes que compoñen o tema.

Erros de expresión.

Uso incorrecto da terminoloxía da familia profesional.

CRITERIOS DE ACTUACIÓN

Desenvolverase no IES Plurilingüe Adormideras (Rúa Juan Sebastián Elcano nº 28, 15002 A Coruña) o día 20 de xuño de 2021 ás 17:00 horas.

1. O tribunal poderá actuar con cinco (5), catro (4) ou tres (3) membros.

2. Os tribunais son independentes. Acordouse entre todos os tribunais, un sorteo conxunto de temas do temario.

Sortearanse cinco (5) temas nun aula con presenza física como testemuñas de persoas aspirantes dos tribunais 1,2 e 3. O sorteo desenvolverase na sede do Tribunal 1 e será retransmitido en directo nun aula para as testemuñas dos tribunais 4,5,6 e 7. Despois será comunicado ao resto das aulas.

3. As quendas L e D están obrigadas a facer esta parte da proba.

4. As persoas aspirantes non poderán saír da aula ata transcorridos os primeiros 20 minutos do seu inicio, non podendo abandonar tampouco a aula nos últimos 10 minutos.

5. A duración da proba será de dúas (2) horas.

6. Só se poderá utilizar bolígrafo negro ou azul. Poderase dispor dunha botella de auga de plástico de usar e tirar transparente e sen etiquetas.

8. Durante a realización das diferentes probas, non se poderá levar encima, ningún tipo de dispositivo electrónico (móviles, reloxos intelixentes, sistemas de audición, etc.). Recoméndase acceder ás aulas onde se celebrarán as probas sen bolso, carteira ou mochila. De non existir outra opción polas circunstancias que sexan, os bolsos, mochilas, carteiras, etc. que poidan portar as persoas aspirantes serán depositados debaixo do asento que lles corresponda na aula de realización das diferentes probas e os dispositivos electrónicos de calquera tipo, completamente desconectados e gardados neses bolsos, mochilas, carteiras, etc.

Para garantir que non se utiliza ningún sistema de escoita as persoas aspirantes, de ter o cabelo longo, deberán levar os pavillóns auditivos á vista.

9. As persoas aspirantes anotarán no apartado deseñado ao efecto na primeira folla de resposta o número do tema elixido.

10. Para a entrega do exame deberá avisar a un membro do tribunal e agardar no seu posto ata que se lle recolla o exame.

A proba será introducida nun sobre que será pechado e asinado no seu peche. As persoas candidatas identificarán o sobre co seu nome e apelidos, DNI e tema elixido.

11. Media hora antes de rematar a proba avisarase desta circunstancia. Unha vez rematado o tempo da proba, as persoas aspirantes deixarán de escribir e procederán á entrega segundo o estipulado no epígrafe 10 anterior.

12. Esta parte da proba será lida conxuntamente coa parte práctica e avaliada de xeito separado segundo os criterios de avaliación publicados. Deberase obter polo menos 2,5 puntos para ponderar coa outra parte da proba. Esta parte pondera un 40% da cualificación da primeira parte da proba.